

## **Resolución da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se publica a adxudicación definitiva dun posto de traballo convocado pola Resolución do 18 de xaneiro de 2023, da Dirección Xeral de Xustiza**

O 18 de xaneiro de 2023 publicouse na intranet de Xustiza e máis na web da Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes a Resolución do 18 de xaneiro de 2023, da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se convoca a provisión de postos de traballo entre persoal funcionario dos corpos e escalas ao servizo da Administración de xustiza.

Vistas as solicitudes presentadas e de conformidade co establecido no artigo 11 da Resolución do 21 de marzo de 2022, da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se establecen criterios para a cobertura de postos de traballo mediante comisión de servizos no ámbito da Administración de xustiza na Comunidade Autónoma de Galicia, o 08 de febreiro de 2023 publicouse resolución pola que se publicaba a adxudicación provisional.

Transcorrido o prazo de 3 días hábiles establecido no artigo 11.2 e de conformidade co disposto no artigo 12 da Resolución do 21 de marzo de 2022,

### **RESOLVO**

**Primeiro.-** Aprobar e facer pública, no Anexo I da presente resolución, a listaxe da adxudicación definitiva.

**Segundo.-** Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición ante o director xeral de Xustiza no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo ante o órgano competente no prazo de dous meses. Ambos os dous prazos se contarán a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución na intranet de xustiza (<http://intranet.xustiza.gal>) e mais na web da Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (<https://cpapx.xunta.gal/comisions-de-servizo>).

O director xeral de Xustiza  
José Tronchoni Albert

*DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE*





## ANEXO I

### LISTAXE DEFINITIVA DE POSTOS ADXUDICADOS EN COMISIÓN DE SERVIZOS

<b>Posto</b>	<b>Director/a do Instituto de Medicina Legal de Galicia</b>
Centro de destino	Instituto de Medicina Legal de Galicia (IMELGA). Dirección. Santiago de Compostela (A Coruña)
Código do posto	XG9251810015770301.01

Adxudicatario/a:	Noemí Morte Tamayo
Data inicio da comisión:	21/02/2023

